



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS (FPNS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS RÍO HORTEGA, CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA DA CORUÑA (INIBIC), A TRAVÉS DA FPNS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Profesor Novoa Santos (FPNS), formalizaron o 20/1/21 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante dous anos dende a data da súa sinatura, en tanto se cumpren as obrigas previstas no mesmo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración entre as partes para a formalización dos contratos Río Hortega, concedidos ao INIBIC a través da FPNS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2020 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020, na súa resolución de data 24 de novembro de 2020.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Instituto de Salud Carlos III ditou en data 19 de decembro de 2019 resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ao ano 2020 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Salud 2017-2020, do Programa Estatal de Investigación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.

Ao abeiro de dita convocatoria, solicitouse un contrato modalidade Río Hortega, cuxo obxecto é a contratación de profesionais, en entidades sanitarias públicas e privadas sen ánimo de lucro, vencelladas ou concertadas co SNS, con actividade asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán con actividade asistencial correspondente a súa especialidade.

O 24 de novembro de 2020 dítoose Resolución da Directora do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédense as axudas solicitadas, para a contratación dos candidatos propostos.

O artigo 3.1.d. da citada convocatoria, establece que "...en los contratos Río Hortega podrán participar únicamente las entidades sanitarias de titularidad pública contempladas en el artículo 4.1. b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial", é o Servizo Galego de Saúde (Complexo Hospitalario Universitario de Vigo) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados."

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias.

